


AGRONOVO ECOLOXÍA, S.L.



"Ter unha empresa esixe moita máis dedicación do que un cree dende fora"

Rafael Rivadulla Varela / Javier Villanueva López

Datos básicos

Actividade:	Consultora do sector agrícola
Sector de actividade	Actividade de asesoría, consultoría e investigación
Nº empregados	2
Inversión inicial	13.767 €
Financiamento inicial:	O investimento inicial foi financiado cun préstamo subsidiado do IGAPE e avalado por AFIGAL.
Web:	www.agronovo.es
Municipio:	Lugo, Lugo
Ano creación:	2004

Descrición do proxecto

AGRONOVO é unha asesoría agrícola especializada en produción ecolóxica. Un dos nosos servizos consiste en reconverter granxas convencionais en explotacións ecolóxicas e inscribilas no Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica.

Desenvolvemos proxectos de enxeñería agrícola de todo tipo: pequenas industrias do sector agroalimentario, construcións en explotacións agrarias (almacéns, vías rurais, granxas, etc.).

Ofrecemos ademais outros servizos como asesoramento técnico e xestión de explotacións, tramitación de subvencións e medicións topográficas.

A agricultura ecolóxica é un sistema de produción agrario que trata de acadar alimentos de orixe vexetal e animal da máxima calidade, respectando o medio ambiente conservando a fertilidade do chan mediante a utilización óptima dos recursos e evitando o uso de produtos químicos de síntese.

A demanda destes alimentos no mercado galego é cada vez máis importante, sendo moi apreciados e, polo xeral, mellor pagados que os produtos convencionais. Nalgúns países europeos, a demanda deste tipo de produtos é particularmente elevada e chega a superar a oferta interna, importando doutros países comunitarios a parte complementaria.

A necesidade de obter mellores saídas á produción é algo innegable na agricultura de hoxe en día, debido á constante diminución dos beneficios. Os produtos ecolóxicos poden ser unha solución polo seu maior valor engadido.



Datos empresa

Claves do éxito

A clave fundamental é unha boa xestión. Cando nos ofrecen un proxecto, tentamos conseguir que a explotación sexa rendible xestionándoa dunha forma integral: asesoramento técnico, administrativo, contable, etc. O valor engadido que ofrecemos é moi elevado.

A dificultade é dar a coñecer este valor engadido e convencer de que realmente sabemos cómo conseguilo.

Situación actual

Estamos nunha situación de consolidación da nosa carteira de clientes e seguimos a facer un especial esforzo para darnos a coñecer e ampliar o noso mercado. E isto só é posible a través do boca – oído. Cando a xente ve que estás facendo boas cousas e comprobamos que realmente funciona, se convierten nos teus clientes.

Perfil cliente

O perfil maioritario dos nosos clientes é o de propietarios de explotacións agrícolas que comezan a producir ou queren reconverterse á produción ecolóxica. Moitos deles non tiñan un contacto previo coa produción ecolóxica, pero amosan un grande interese neste tema por varias razóns coma a súa saúde, o medio ambiente, os prezos destes produtos, etc.

Adoitan ser persoas relativamente novas. De feito, a media de idade dos nosos clientes foi de 41 anos no 2005.



Idea inicial

A idea xurdiu hai moitos anos. De feito, estabamos no instituto e xa nos queríamos dedicar á produción ecolóxica. En principio, a miña idea era producir, pero non tiñamos os terreos necesarios, así que nos decidimos a abrir unha asesoría para xestionar producións ecolóxicas doutros propietarios.

Creemos neste tipo de produción e ademais estamos convencidos da súa necesidade.

Aquí estamos sometidos a unha presión moi forte dos produtos doutros países con custos de produción máis baixos.

Principales dificultades y amenazas futuras

Custounos moito loitar contra a mentalidade. O tiñamos moi claro na análise DAFO do plano de empresa, pero non sabíamos ata qué punto este aspecto podía supoñer unha dificultade. Tentamos que os produtores se decaten da necesidade de xestionar a súa explotación como empresa que é, producir do mellor e máis rendible modo posible. A realidade é que, resulta necesario reducir custos porque os prezos non son demasiado altos na maioría dos produtos agrarios.

Perfil promotores

Os promotores son enxeñeiros técnicos agrícolas e aportan experiencia profesional en deseño de planos e realización de informes de instalacións e explotacións agrícolas.

Aptitudes necesarias

O fundamental é ter gañas de traballar e perseveranza. Ter unha empresa esixe moita máis dedicación do que un cree dende fora.



Guía de Actividad

Consultoría medioambiental (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

A independencia que proporciona
Dedicarme ao que me gusta
Ser o meu propio xefe

O reto que supón
Dirixir persoas e organizacións

Formación

¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?

Si, o Seminario de Planificación Empresarial do IGAPE e materias de Economía na facultade.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Si. A formación axuda a madurar a idea e a detectar posibles erros.

Anecdótico

Se isto non nos sae ben, escribiremos un libro de anécdotas.

